




MUIÑOS DA ROCHA


FERVENZA DA LAXE DO AVÓ

Adela Leiro, Mon Daporta
abril 2018



Distancia: Facendo todo o percorrido en coche son uns 8 km ida e volta a Arbo. Indo no coche só ata o Pouso son 3,5 km ida e volta e camiñaremos case 3 km.

Dificultade: baixa



Unha camiñada, ou non, para coñecer o conxunto de muíños da Rocha e a ferverza da Laxe do Avó. O de camiñar é optativo porque tanto aos muíños como ao pé da ferverza pódese chegar en coche.

PERCORRIDO

Saíndo de Arbo pola estrada que vai á igrexa, que ten no adro unhas boas sobreiras, pero sen desviarse cara a ela, atopamos uns 200 m máis adiante un desvío á dereita con varios indicadores entre os que se atopa o de conxunto etnográfico dos muíños da Rocha, seguindo estes indicadores atravesamos varios lugares ata chegar ao da Rocha que tamén cruzamos. Preto das últimas casas atopamos outro indicador dos muíños que nos da a opción entre baixar a velos a pé ou seguir para achegarse a eles en coche. Si queremos facer a camiñada, non chega aos 400 m, deixamos o coche nun alargo que hai á beira da estrada pasadas as últimas casas e volvemos un pouco atrás para baixar, se non, seguimos pola estrada e despois de pasar uns regueiros collemos o primeiro desvío, asfaltado, á esquerda ata chegar ao pé do cartaz que sinala o lugar (desde a Rocha uns 700 m) e para subir á ferverza volvemos atrás, á estrada, uns 200 m, e case de fronte temos una pista de terra que sube ao monte, por ela, sen perda, temos que percorrer 1,5 km para chegar á ferverza. Á ferverza tamén se pode chegar camiñando, sen mover o coche de onde o deixamos para baixar aos muíños ou achegándoo pola estrada ata onde se cruzan os regueiros para deixalo preto dun lavadoiro. Desde alí un carreiro de 1 km bastante encosto, supera case 150 m de desnivel, ponnos ao pé da ferverza.



Ferverza da **Laxe do Avó** no rego do Enxeño, afluente do Cea (Miño), duns 25 m de altura.



Muíños da Rocha, tres muíños escalonados: da Duca, do Medio e do Cubo, que traballan coa mesma auga.



Fervenzas no rego do Enxenño debaixo dos Muíños da Rocha